



XII Limpeza simultânea de rios. Setembro 2019



Proxecto Ríos





O obxectivo desta actividade é chegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos mesmos, un dos problemas ambientais máis graves de Galiza.


ADEGA e Proxecto Ríos organizan esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o ano 2007, confiando en que esta actividade sexa unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 29 de setembro de 2019 realizouse a **XII Limpeza Simultánea de Ríos** en 52 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás 72 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Ourense, Fene ou Santiago de Compostela, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en 55 treitos de río e participaron 1.108 persoas, a maior dende o inicio da actividade.

Neste duodécimo ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende os inicios, e ao longo destes doce anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos custodiados por estas entidades, aínda que en 2019 volveron a aparecer moitas rodas de automóviles.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o Protocolo de Actuación que se pode descargar en PDF na seguinte ligazón <http://limpeza.proxectorios.org/limpeza-de-rios/> Ademais, todas e todos os participantes recibiron como agasallo unha camisola co lema da limpeza “Móllate polos ríos”.

Desgraciadamente aínda se verten moitos residuos aos ríos. Desta volta recolléronse refugallos de todo tipo, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas, baterías e motores de automóviles, cristais e latas; tamén colchóns, palés, unha moto, bidóns metálicos, televisores, electrodomésticos e entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, altavoces, plásticos do silo, etc... As toallíñas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia tanto nos cauces como na vexetación ribeiriña. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacernos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras.



Calculamos que os residuos de tódolos concellos suman un total de máis de **13 toneladas**, pero debemos lembrar que o noso principal obxectivo non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suplir o traballo da administración, pero si somos unha masa de xente que axuda a concienciar á sociedade. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar, e para iso facemos actividades como esta. Os ríos non son vertedoiros, e hoxe débese fomentar o uso dos puntos limpos. Cada quen pode recapacitar ante esta situación e tamén reducir o seu consumo de plástico, utilizando botellas reutilizables, usando bolsas de tea, mellorando cada día un chisco este mundo maltratado. Promovemos este ano que cada voluntario e voluntaria levar as súas luvas de goma para evitar o uso das de látex ou vinilo, moito máis fráxiles, e que xeran máis residuos.


Dende ADEGA e Proxecto Ríos agradecemos o tempo e dedicación de todos os colectivos implicados na coordinación da limpeza na súa zona. Agradecer tamén aos concellos o compromiso na conservación dos ríos que atravesan os seus municipios, especialmente os concellos que apoiaron esta limpeza, que foron: A Estrada, Allariz, Arzúa, Cambre, Carballo, Fene, Gondomar, Meis, Melide, Nigrán, Ourense, Pontearreas, Pontevedra, Rianxo, Ribadumia, Salceda de Caselas, Santiago de Compostela, Teo, Tomiño e Xinzo de Limia. Esta actividade conta co apoio da Fundación Biodiversidad a través do programa de voluntariado 2018/2019.

Proxecto Ríos é un proxecto financiado por Augas de Galicia dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Pero sobre todo e ante todo queremos agradecer o traballo de todas as persoas que se meteron no seu río para limpalo e axudar entre todos e todas a denunciar e solucionar este gran problema. Sen vós isto non sería posible. Un ano máis a sociedade galega, **Mollouse polos Ríos!!**


Moitas Grazas!!

Na seguinte táboa pódense consultar os treitos de río limpados polo voluntariado, así como o número total de participantes e os quilos de lixo retirados:




XII Limpeza Simultánea de Ríos

Concello	Grupo	Voluntarios/as	Río	Kg
A Cañiza	Fundación MundoNatura	8	Deva Calvo Aceval	180
A Coruña	Asoc. Hortas do Val de Feáns	10	Mesoiro	400
	OMA UDC	20	Lagar	50
A Estrada	Asoc. pola Defensa do Val do Liñares	34	Liñares	1500
A Guarda	Asoc. A Jalleira	16	Peital	300
Allariz	CEA O Rexo Concello de Allariz	Adiada		
Ames	Aula da Natureza do Concello de Ames	15	Rego dos Pasos	80
A Merca	Asoc. Xuvenil Xoldreira	20	Arnoia	160
Ares	Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro Concello de Ares	7	Frades	150
Arzúa	Asoc. Pescadores do Iso	9	Iso	170
Betanzos	Fragas do Mandeo	18	Lambre Mandeo Mendo	243
Cambre	Concello de Cambre Asoc. Veciños Afectados por Infraestruturas	50	Mero	300
Cangas do Morrazo	ADEGA-Vigo	15	Bouzós	50
Carral	Asoc. Brexa Concello de Carral ADEGA Coruña	32	Barcés	100
Carballo	Senda Nova	14	Anllóns	180
Castro de Rei	Asoc. Deportiva e Cultural Amigos do Miño	10	Miño	200
Catoira	ANPA As Lombas Concello de Catoira	17	Catoira	80
Cenlle	Asoc. Veciñal Lentille	8	Regato de Lentille	400
Covelo	Covelo Natural	Adiada		
Fene	AETNA	12	Baa	50
	Asoc. Betula	64	Baa	50
Ferrol	ADEGA Trasancos	Sen datos		
Gondomar	Asoc A Groba Concello de Gondomar	35	Zamáns	800
Lousame	Sociedade Histórica Coluna de San Fins	7	San Fins	10
Lugo	ADEGA Lugo Plataforma Lugo de Cara ao Miño Asoc. Cultura do País	26	Miño	500
Marín	Grupo Cultural Ronsel	13	Loira	200
Meis	Concello de Meis CPI Mosteiro	30	San Tomé	25
Melide	Asoc. Troiteiros do Río Furelos	9	Catasol	120
	Asoc. Melidá	14	Furelos	10
Muíños	Asoc. A Corga do Barxés	38	Limia	300
Negreira-A Baña	Asoc. Afonso Eanes	Adiada		
Nigrán	Concello de Nigrán	39	Miñor	800
O Grove	IES As Bizocas	25	Bizocas	10
Ourense	Ecovixiantes de Franciscanas	24	Miño Loña	50




XII Limpeza Simultánea de Ríos


	Ríos Limpos	12	Barbaña	20
	Aula da Natureza de Oira	19	Miño	
	Sustinea	Adiada		
Parada de Sil	A Fábrica da Luz	8	Mao	120
Ponteareas	Plataforma pola Defensa do Tea	24	Tea	500
Pontevedra	Vaipolorío Fundación Juan XXIII	21	Gafos	120
Porriño	Asoc. Española de Herpetoloxía	Sen datos		
	ValoraNatura	9	Louro	80
Ribas de Sil	Asoc. Cubeland	Sen datos		
Rianxo	Concello de Rianxo	Sen datos		
Ribadumia	Colectivo Ecoloxista do Salnés	14	Umia	800
Redondela	AAVV de Chapela	40	Fondón	3.000
Salceda de Caselas	Asoc. Trezecatorze	18	Caselas	240
Salvaterra de Miño	Asoc. Lazoiro	Adiada		
Sarria	Asoc. Cultural Crearte Plataforma Sarriana polo Río	31	Sarria	430
Santiago de Compostela	ADEGA Compostela Gentalha do Pichel ANPA CEIP Apóstolo Santiago	40	Sarela Corgo	200
Seoane do Courel	CPI UxíoNovoneyra	40	Pequeno	20
Teo	CEIP A Ramallosa	53		
Tomíño	CEP Pedro Caselles	22	Pego	15
	OMIX de Tomíño	13	Da Pedra	70
Valga	Muíño didáctico de campaña	5	Valga	42
Verín	Concello de Verín	8	Támega	100
	Star Nature Watchers	33	Támega	40
Vila de Cruces	Asoc. Cruces Verde	Sen datos		
Vigo	ADEGA-Vigo Lagares Vlvo	54	Lagares	750
Xunqueira de Ambía	Iniciativa Xunqueira	20	Arnoia	15
Xinzo de Limia	Concellaría de Cultura e Mocidade	35	Limia	200
TOTAL		1.158	56	14.230




Pódese consultar os grupos de limpeza, ríos nos que se traballou e concellos na seguinte ligazón:

https://drive.google.com/open?id=1gBP8_mQmykbfEShaAkJxjszKMIA0Z6c_&usp=sharing





FOTOS DOS GRUPOS PARTICIPANTES




ADEGA-Lugo, Plataforma Lugo Cara o Miño e Asoc. Cultura do País. Río Miño.



Gentalha do Pichel, ANPA CEIP Apóstolo Santiago e ADEGA-Compostela. Río Sarela.






AAVV de Chapela. Redondela. Rio Fondón.



Asoc. TrezeCatorze. Salceda de Caselas. Río Caselas.






Plataforma pola Defensa do Río Tea. Ponteareas. Río Tea.



Vaipolorío, Fundación Juan XXIII. Pontevedra. Río Gafos.






Asoc. para a Defesa do Val do Liñares. A Estrada. Río Liñares.



A Fábrica da Luz. Parada de Sil. Río Mao.






**Fundación MundoNatura. A Cañiza. Ríos Deva,
Calvos e Aceval.**



AAVV de Lentille. Cenlle. Regato de Lentille.






Asoc. Betula. Fene. Río Baa.



AETNA. Fene. Río Baa.






ANPA as Lombas e Concello de Catoria. Catoira. Río Catoira.



Asoc. A Corga do Barxés. Muíños. Río Limia.






Asoc. Hortas do Val de Feáns. A Coruña. Río Mesoiro.



Asoc. de Pesacores do Iso. Arzúa. Río Iso.






Concello de Gondomar, Asoc. A Groba. Gondomar. Río Zamáns.



Asoc. A Jalleira. A Guarda. Río Peital.






Oficina de Medio Ambiente da UDC. A Coruña. Rego de Lagar.



ADEGA Vigo. Vigo. Río Lagares.






Concello de Xinzo de Limia. Río Limia.



Asoc. Troiteiros do Furelos. Melide. Río Catasol.






Concello de Nigrán. Río Muíños.



Star Nature Watchers. Verín. Río Támega.






CEIP Uxío NovoNeira. Seoane do Courel. Río Pequeno.



Asoc. A Xoldreira. A Merca. Río Arnoia.






**Asoc. Brexa, Concello de Carral e ADEGA Coruña. Carral.
Río Barcés.**



Asoc. Melidá. Melide. Río Furelos.






Fragas do Mandeo. Betanzos. Ríos Lambre, Mendo e Mandeo.



Ecovixiantes Franciscanas. Ourense. Río Miño e Lonía.






Senda Nova. Carballo. Río Anllóns.



Iniciativa Xunqueira. Xunqueira de Ambía. Río Arnoia.






Muíño Didáctico de Campaña. Valga. Río Valga.



Grupo Cultural Ronsel. Marín. Río Loira.






Valora Natura. Porriño. Río Louro.



Aula da Natureza de Oira. Ourense. Río Miño.






**Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro e Concello de Ares.
Ares. Rego dos Frades.**



**Asoc. Deportiva e Cultural Amigos do Miño. Castro de Rei.
Río Miño.**






Asoc. Veciños afectados por infraestruturas. Concello de Cambre. Cambre. Río Mero.



Colectivo Ecoloxista do Salnés. Ribadumia. Río Umia






Concello de Meis, CPI Mosteiro. Meis. Rego de San Tomé



Ríos Limpos e ADEGA Ourense. Ourense. Río Barbaña.






Concello de Tomiño, OMIX de Tomiño. Río da Pedra.



ADEGA Vigo O Morrazo. Cangas. Río Bouzós






Aula da Natureza de Ames. Rego dos Pasos.




Plataforma Sarriana polo Río e Asoc. Create. Sarria. Río Sarria.





CEP Pedro Caselles.Tomiño. Río Pego.





Dossier de prensa

Lunes 07.10.2019 Actualizado 13:02

elCorreoGallego.es

Portada Santiago Galicia Área de Compostela Panorama Tendencias Deportes Opinión Especiales Tecn

TEMAS: A Baña | Boiro | Boqueixón | Catoira | Lousame | Noia | Ordes | O Pino | Porto do Son | Rianxo | Ribeira | Área de Compostela | RSS

Once ayuntamientos de Área se vuelcan para limpiar los ríos

Acudirán a la llamada de Adegas el domingo un total de trece asociaciones y administraciones

FDV+ Gran Vigo Galicia

FARO DE VIGO

Selectividade 2019 Galicia Morrazo Pontevedra Deza-Tabeirós-Montes Arousa Ourense So

farodevigo.es » Pontevedra » Noticias de Pontevedra

Doce edición de "Móllate polos ríos"

29.09.2019 | 03:00

A XII Limpeza Simultánea do Proxecto Ríos celébrase hoxe en Pontevedra, desde as 10.00 horas con saída da Estación de Autobuses.

Local Galicia Más noticias Deportes Economía Opinión Cultura Lece

A Coruña Gran Coruña Cambre Culleredo Oleiros Arteixo Sada Betanzos Abegondo

laopinióncoruña.es » Gran Coruña » Noticias de Cambre

Veciños de Cambre organizan unha limpeza do río Mero o día 6

A XII edición estará coordinada polos Afectados polas Infraestruturas

LUNS 07 OUTUBRO 2019

SERMOS GALIZA


CAPA POLÍTICA SOCIAL INTERNACIONAL TRABAJO ECONOMÍA CULTURA LINGUA OPINIÓN DEPORTES MEMORIA E HISTORIA

EN DESTAQUE DEBATE DA NACIÓN DEFENDE A GALEGA ENSINO ENSINO NÓS DIARIO NÓS DIARIO SERMOS365

O Proxecto Ríos bate récords de participación cun milleiro de persoas na limpeza de 53 tramos

REDACCIÓN © 02 OUTUBRO 2019 13:37 H.

ETIQUETAS: ADEGA PROXECTO RÍOS LIMPEZA RÍOS



LUGO

XII limpeza simultánea de leitos e ribeiras fluviais do Proxecto Ríos

POR XORNAL DE LUGO • 25 SETEMBRO, 2019

Facebook Twitter WhatsApp Telegram Email

O Proxecto Ríos é un programa de Educación e Voluntariado Ambiental que ten a finalidade de dar a coñecer o importante papel dos cursos fluviais, amosar as súas problemáticas así como fomentar iniciativas que permitan á cidadanía o mantemento e a mellora dos ríos proporcionando as ferramentas que garantan a súa participación.

A XII Limpeza Simultánea "Móllate polos ríos" celebrarase este ano en 48 concellos de toda Galiza, e participarán máis de 70 entidades -asociacións, comunidades de montes, colectivos ecoloxistas, delegacións de ADEGA, centros de ensino etc... - Algúns destes grupos xa participaron nas limpeza de anos pasados e outros son

Xornal de Lugo
Diario de información encol de Lugo e a súa provincia.

Turismo Melide @TurismoMelide · 26 sept.

A XII Limpeza simultánea de río dentro do proxecto "Móllate polos ríos" chegará a #Melide este domingo 29 de setembro

Se queres participar podes poñerte en contacto coa Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide ou coa Asociación Cultural e Veciñal Melidá

Achégate e participa!

móllate polos ríos

Achégate e participa

- Azusa: ASOC. PESCADORES DO ISO
- Betanzos: Fragas do Mandeio
- Cambre: Concello de Cambre
- Cangas do Morrazo: ADEGA-Vigo
- Carballo: Senda Nova
- Carral: Asoc. Brexa
- Catoira: Concello de Carral
- Cedeira: ANPA As Lombas
- Covelo: Concello de Catoira
- Fene: Asoc. Arce
- Gondomar: Covelo Natural
- Lousame: AETNA
- Lugo: Asoc. Betula
- Meis: Asoc. A Groba
- Melide: Concello de Gondomar
- Mulhós: Sociedade Histórica Columna de San Fins
- Negreira: ADEGA Lugo
- O Grove: Plataforma Lugo de Cara ao Miño
- Ourense: Asoc. Cultura do País
- Parada de Sil: Grupo Cultural Ronsel
- Ponteareas: Concello de Meis
- Pontevedra: CPI Mosteiro
- Porriño: Asoc. de Pescadores do Río Furelos
- Rianxo: Asoc. Melidá
- Ribadumia: Asoc. A Corga do Barxés
- Salceda de Caselas: Asoc. Afonso Eanes
- San Sadurniño: Concello de Nigrán
- Sarria: IES As Bizocas
- Sarria: Ecoloxistas de Franciscanas
- Sarria: Suestinea
- Sarria: Aula da Natureza
- Sarria: A Fábrica da Luz
- Sarria: Plataforma pola Defensa do Tea
- Sarria: Vaipolorio
- Sarria: Fundación Juan XXIII
- Sarria: Asoc. Española de Herpetoloxía
- Sarria: ValoraNature
- Sarria: Concello de Rianxo
- Sarria: Colectivo Ecoloxista do Sainés
- Sarria: AAVV de Chapela
- Sarria: Asoc. Trezcatorez
- Sarria: Concello San Sadurniño
- Sarria: Asoc. Cultural Crearte

PERIÓDICO DEL VAL MIÑOR

INICIO BAIONA GONDOMAR NIGRÁN RAMALLOSA TLF. INTERÉS CONTACTO

Val Miñor > Nigrán se suma a la limpieza simultánea de ríos en A Foz

Nigrán se suma a la limpieza simultánea de ríos en A Foz

29/09/2019

El Concello de Nigrán se suma durante el día de


Que pasa na Costa

LUNS. 07.10.2019

COSTA DA MORTE CONCELLOS CULTURA DEPORTES NATUREZA MAR

Recollen unha moto, e centos de toallitas, na XII Limpeza simultánea no Río Anllóns


NATUREZA LIMPEZA RIO SENDA NOVA



Páxina web da limpeza

<http://www.proxectorios.org/limpeza>

Achégate e participa



móllate POLOS ríos

Galiza
**XII Limpeza
simultánea de río**
29 setembro 2019



Móllate polos ríos

Limpezas de río

Participantes 2019

Colaboradores 2019

Limpezas Realizadas

Móllate polos ríos

Web de ADEGA e Proxecto Ríos

29-09-2019

XII Limpeza Simultánea de Ríos

Este ano 2019 celebramos a duodécima edición das limpezaas simultáneas de río. Son xa doce anos nos que milleiros de persoas teñen participado nesta xornada de retirada de lixo dos nosos cursos fluviais. Miles de quilos de residuos foron quitados dos nosos ríos e ribeiras polo voluntariado participante.

O **domingo 29 de setembro** é a data na que se realizará a actividade. Para participar podes unirse a algún grupo organizado preto do teu concello ou ben promover a limpeza nun río actuando de coordinador/a. Na [web da limpeza](http://web_da_limpeza) iremos informando dos lugares onde se desenvolverá a XII Limpeza Simultánea de Ríos.

Animátese a participar!!

Chama ou envía un e-mail aos seguintes contactos:

Teléfonos: 981 57 00 99 / 619 672 038


e-mail: pacobanhobre@adega.gal

proxectoriosgaliza@gmail.com

Ligazóns

- * Web do Proxecto Ríos
- * Web da Limpeza


XII Limpeza simultánea de río 29 setembro 2019



móllate POLOS ríos

Lugares e entidades

A Coruña	Oficina de Medio Ambiente da UDC
A Estrada	Asoc. Hortas do Val de Feáns
A Illarza	Asoc. pola Defensa do Val do Liñares
Ames	CEA O Razo
A Merca	Aula da Natureza do concello de Amt
Ares	Asoc. Xuvenil Xoldreira
Ares	Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Cui
Ares	Concello de Ares
Arzúa	Asoc. Pescadores do Iso
Belanos	Fragas do Mandeo
Cambre	Concello de Cambre
Cangas do Morrazo	ADEGA-Vigo
Carballo	Sendo Nova
Carballa	Asoc. Brexa
Catoira	Concello de Carballa
Catoira	ANPA As Lombas
Cedeira	Concello de Catoira
Covelo	Asoc. Arce
Fene	Covelo Natural
Fene	AETNA
Fene	Asoc. Betula
Gondomar	Asoc. A Groba
Gondomar	Concello de Gondomar
Lousame	Sociedade Histórica Coluna de San F
Lugo	ADEGA Lugo
Lugo	Plataforma Lugo de Cara ao Miño
Lugo	Asoc. Cultura do País
Marín	Grupo Cultural Ronseil
Mias	Concello de Mias
Mias	CPI Mosteiro
Melide	Asoc. Trilleiros Río Furelos
Melide	Asoc. Melidá
Mulhós	Asoc. A Corga do Barxés
Negreira	Asoc. Afonso Eanes
Nigrán	Concello de Nigrán
O Grove	IES As Bizozas
Ourense	Escvliantes de Franciscanas
Ourense	Sustinea
Ourense	Aula da Natureza
Parade de Sil	A Fábrica de Luz
Ponteareas	Plataforma pola Defensa do Teo
Ponteareas	Doutorantea
Ponteareas	Valvulín



Este ano 2019 celebramos a duodécima edición das limpezaas simultáneas de río. Son xa doce anos nos que milleiros de persoas teñen participado nesta xornada de retirada de lixo dos nosos cursos fluviais. Milleiros de quilos de residuos foron quitados dos nosos ríos e ribeiras polo voluntariado participante.

O **domingo 29 de setembro** é a data na que se realizará a actividade. Para participar podes unirse a algún grupo organizado preto do teu concello ou ben promover a limpeza nun río actuando de coordinador/a. Na [web da limpeza](#) iremos informando dos lugares onde se desenvolverá a **XII Limpeza Simultánea de Ríos**.

Anímate a participar!!

Chama ou envía un e-mail aos seguintes contactos:

Teléfonos: 981 57 00 99 / 619 672 038

e-mail: pacobanhobre@adega.gal

proxectoriosgaliza@gmail.com

[Cartaz_Limpeza_2019](#)

ADEGA e o Proxecto Ríos agradecen o apoio e financiamento das seguintes entidades e dos 20 concellos que axudaron na XII limpeza simultánea de ríos.


Colaboradores 2019

Organiza:









Promove:





XII Limpeza Simultánea de Ríos

Concellos

			
Concello de A Estrada	Concello de Allariz	Concello de Arzúa	Concello de Cambre
			
Concello de Carballo	Concello de Melide	Concello de Gondomar	Concello de Nigrán
			
Concello de Salceda de Caselas	Concello de Ourense	Concello de Santiago de Compostela	Concello de Fene
			
Concello de Tomiño	Concello de Meis	Concello de Teo	Concello de Xinzo de Limia